



# **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO DO COMEDOR ESCOLAR**

# *CEIP FERMÍN BOUZA BREY*

## ÍNDICE:

1.- INTRODUCCIÓN

2.- OBXECTIVOS

3.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

4.- PROGRAMA EDUCATIVO

5.- DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS/AS

6.- PERSOAL DO COMEDOR

7.- APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS

## 1. INTRODUCCIÓN

O comedor escolar do CEIP Fermín Bouza Brey leva funcionando xa varios anos no centro a cargo do Concello de Pontearreas. No curso actual, 2022-2023, segundo o establecido no decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de Educación, o modelo de xestión do comedor escolar do noso centro, tal e como se establece no artigo 2 punto 1 b do mencionado decreto, pasa a ser un modelo de xestión indirecta da Consellería competente en materia de Educación, mediante a contratación con empresarios individuais ou empresas de restauración da elaboración, nas dependencias do centro ou nas da empresa, dos menús, o seu transporte, se é o caso, así como o servizo ás mesas, a atención das alumnas/os comensais e a limpeza do comedor e da cociña.

O obxecto deste documento radica esencialmente en fixar normas de carácter xeral e de organización e funcionamento do devandito servizo de comedor escolar.

O NOF de comedor é un documento que forma parte do Proxecto Educativo do Centro. O seu contido regula a normativa aplicable con carácter xeral a todo o funcionamento do servizo de comedor, aínda que, cada curso, pode ser e debe de ser complementado ou matizado nalgúns aspectos concretos, mediante a especificación correspondente na Programación Xeral Anual.

## 2.- OBXECTIVOS

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

Educación para a Saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
- Poñer en práctica as normas hixiénicas e sanitarias estudadas na clase.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenvolver hábitos no uso adecuado dos utensilios relacionados coa comida.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que poden obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto no referido á saúde da alumna/o como a súa educación nutricional.
- Concienciar á familia nos patróns de conduta adquiridos no comedor do centro educativo e a importancia de continuar cos mesmos no seu fogar.

Educación para a Convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.

- Espertar nos alumnos o espírito de cooperación implicándoos segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo ao comedor: poñer e retirar servizos, axudar aos máis pequenos...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da Comunidade Escolar.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando gritos e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, enseres e utensilios de uso comunitario.

Educación para o lecer:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.

### **3.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR**

O servizo de comedor será contratado pola consellería a través dos seus servizos centrais mediante os procedementos legalmente establecidos. No contrato detallaranse o prezo, número de usuarios, número de persoal de atención, etc.

O número de prazas dispoñibles no comedor escolar é de 250. O número de menús diarios serán os que en cada curso escolar autorice a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación a través das instrucións publicadas para

cada curso escolar.

As solicitudes presentaranse nos prazos que dite a Administración. Si houberse prazas vacantes, admitiranse solicitudes ao longo do curso.

As familias teñen que cubrir o modelo de autodeclaración de prezos públicos e entregalo na secretaría do centro nos prazos que estableza a administración. As familias que non entreguen a autodeclaración nos prazos establecidos serán encadradas de oficio no tramo de pagamento correspondente a 4,50€ por día de servizo.

O ingreso mensual dos importes que corresponda pagar a cada usuario efectuarase na conta corrente da empresa adxudicataria do contrato de comedor. A falta de pagamento do servizo dará lugar á imposibilidade de continuar utilizándoo.

Poderán facer uso do servizo de comedor, en calidade de comensais habituais, todos os alumnos/as matriculados no centro que así o soliciten, ata completar as prazas previstas para cada curso.

Para darse de alta no servizo de comedor haberá que solicitalo no momento de efectuar a matrícula para o alumnado que se incorpora ao centro ou ben na secretaría do centro nos prazos establecidos pola administración educativa para o alumnado que xa está matriculado.

Cando o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, corresponde ao Consello Escolar asignar as prazas en función da normativa vixente e de acordo co protocolo que elabore o Consello Escolar.

Para darse de baixa de forma voluntaria do servizo de comedor será necesario presentar un escrito ante a dirección do comedor.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios ante a dirección do centro educativo.

Os usuarios do servizo de comedor que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 09:45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser

suspendidos pola dirección do centro do dereito ao uso do servizo durante 10 días. Estes avisos teñen que comunicarse na secretaría do centro por teléfono.

As cuidadoras e o encargado/a de comedor non administrarán medicamentos aos alumnos/as que asistan ao comedor. Igualmente, os alumnos/as que asistan ao comedor non poderán levar medicamentos. No caso necesario, arbitrase a maneira de que os pais, nais e/ou titores do alumno/a poidan acceder ao comedor para administrarlles os medicamentos. Se a familia presenta un informe médico onde conste que ten que ser administrado nas horas de comedor de forma continuada, asinará un impreso onde se eximirá de toda responsabilidade as cuidadoras do comedor. Para elo deberán poñerse en contacto coa dirección.

Os menús serán elaborados pola empresa adxudicataria seguindo os criterios establecidos polo servizo de comedores escolares da Xunta de Galicia.

O alumnado usuario de comedor escolar que presente alerxias, réximes ou outra intolerancia alimentaria (xustificado por informe médico actualizado ) terá dereito a que a empresa adxudicataria lle elabore un menú especial e sentarase na mesma mesa que o resto de alumnos/as usuarios de comedor escolar ,segundo a distribución que faga en cada momento o director do centro e/ou persoa encargado de comedor escolar.

Os alumnos/as con problemas gastrointestinais transitorios poderán solicitar unha dieta branda avisando o director do centro antes das 09:45 horas.

O servizo de comedor, funcionará desde setembro ata xuño, ambos inclusive, e nas xornadas que o calendario escolar considere lectivas.

Os alumnos/as de Ed. Infantil serán recollidos polas monitoras de comedor no corredor de infantil. Os alumnos/as de Ed. Primaria sairán co resto de compañeiros/as e irán para o comedor polo zona delimitada e controlada polas monitoras do comedor.

A entrada no comedor farase con orde e tranquilidade, sen correr e sen empurrar aos compañeiros.

Os alumnos/as cando entren no comedor pasarán polo baños para facer as súas necesidades e lavar as mans. O alumnado de Ed. Infantil será axudado polas monitoras do comedor.

Durante o xantar non se poderá ir ao servizo, a non ser por indisposición ou enfermidade e sempre co permiso das monitoras.

Os alumnos/as sentaranse nos lugares que teñan asignados. Estes lugares serán fixos, podendo ser cambiados a criterio das monitoras.

Os alumnos/as teñen que adaptarse ao menú establecido, comendo unha cantidade mínima diaria e variada. Teñen que probar de todos os pratos de comida do menú.

Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros alumnos/as.

Os alumnos/as procurarán non falar mentres teñan comida na boca e limparse antes de beber.

Deberase respectar todo o material e utensilios, sendo os alumnos/as responsables do seu deterioro po mal uso.

Os alumnos/as deberán permanecer correctamente sentados, sen xogar nin balancearse nas cadeiras. Non poderán levantarse dos seus sitios.

Para chamar ás monitoras, deberán facelo levantando a man ata ser atendidos. Utilizarán as palabras de “grazas” e “por favor” sempre que sexa necesario.

Os alumnos/as están obrigados a respectar ás monitoras do comedor nos mesmos termos que ao profesorado do centro; teñen que obedecerlles e seguir as súas indicacións.

É moi importante xantar nun ambiente tranquilo e relaxado, polo tanto nunca nos dirixiremos aos compañeiros berrando, se non nun tono de voz adecuado.

No caso de considerarse oportuno e sempre que o responsable do comedor o autorice os alumnos/as poderán colaborar, na medida das súas posibilidades, recollendo o enxoval do comedor e colocando de forma correcta e ordenada as mesas e as cadeiras.

Despois de xantar, e antes de ir aos lugares asignados para o lecer, os alumnos/as deberán pasar polos servizos para lavarse as mans os dentes (Educación Infantil axudados polas monitoras).



O horario do comedor escolar será de 14:00 horas a 16:00 horas todo o ano. Os pais, nais, titores, representantes legais e/ou autorizados polos anteriormente mencionados poderán recoller aos alumnos/as a partir das 15:30 horas. A hora límite para recoller ao alumnado usuario do servizo de comedor son as 16:00 horas. De non ser posible, e de forma extraordinaria, recoller a un alumno/a en tempo e forma; os pais, nais, titores e/ou representantes legais avisarán de tal circunstancia ao teléfono facilitado que estará habilitado para tal uso.

No caso de que o usuario/a vaia a algunha actividade extraescolar realizada dentro do centro escolar, serán as monitoras/es desa actividade as encargadas de recoller ao alumnado no comedor escolar.

Os alumnos/as de 5º e 6º de primaria poderán abandonar sos o comedor escolar sempre que conten con autorización asinada polos seus pais.

Todos os alumnos/as están obrigados a respectar as normas de funcionamento do comedor escolar. De non ser así poderán ser causa de baixa no servizo de comedor.

Os pais/nais/titores non poden acceder as instalacións do comedor, poderán facelo acompañados sempre por unha monitora, impedíndolle a entrada sen previo aviso se non hai autorización para entrar.

#### **4. PROGRAMA EDUCATIVO**

O servizo de comedor ten un carácter asistencial, por canto contribúe á integración social da familia na medida en que facilita aos pais o exercicio das súas funcións laborais e posibilita a conciliación de horarios e a correcta nutrición do alumnado que precisa este servizo.

Ademais, o servizo de comedor ten un carácter educativo. En tal sentido, a actividade que nel se realiza responde a unha planificación educativa, centrada basicamente en torno ao plan de obxectivos e actividades que a continuación se detallan.

## Obxectivos

- Desenvolver nos alumnos/as hábitos alimentarios e sociais idóneos para unha mellor educación para a saúde e a convivencia.
- Formar aos alumnos/as no desenvolvemento de actitudes positivas co hábito de comer, así como no coñecemento das bases dunha dieta saudable.
- Promover a adaptación do neno/a a unha diversidade de menús e a unha disciplina no acto para comer que inclúa a cortesía, a tolerancia, a solidariedade e a educación para a convivencia.
- Fomentar no alumnado o espírito de solidariedade e colaboración, dando na medida das posibilidades participación en pequenas responsabilidades en labores de posta e recolleita do servizo de mesas, así como nas actividades de lecer dos máis pequenos.

## **5.-DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS**

Á marxe dos dereitos que asisten aos alumnos comensais na súa calidade de alumnos do centro, posúen en calidade de usuarios do servizo do comedor os seguintes dereitos específicos:

- Dereito a beneficiarse de todas as prestacións que comprende o servizo de comedor escolar nas mellores condicións posibles de seguridade, hixiene e benestar.
- Dereito a recibir un trato correcto, con respecto e sen discriminación de ningún tipo, tanto por parte dos compañeiros do comedor, como de todo o persoal adscrito ao servizo.

### **Deberes das alumnas/os comensais.**

Os usuarios do servizo de comedor teñen os seguintes deberes:

- Participar activa e correctamente no desenvolvemento das actividades do servizo de comedor, con espírito de colaboración e solidariedade.
- Seguir sempre as indicacións do persoal que os atende no comedor.

- Tratar coa corrección debida, respecto e cordialidade ás súas compañeiras e compañeiros de comedor, así como a todo o persoal adscrito, obedecendo as súas indicacións.
- Deber de usar correctamente e coidar as instalacións que o centro pon a disposición do servizo de comedor para o desenvolvemento das actividades que lle son propias.
- Respetar as Normas de organización e funcionamento do Centro, aplicables ás circunstancias en que se desenvolven as actividades propias do servizo de comedor escolar.
- Colaborar con aquelas tarefas que se lles solicite e para as que estean capacitados.
- Comer unha cantidade mínima diaria e variada.
- Pedir axuda con corrección.
- Pedir permiso para levantarse da mesa e ir ao servizo.
- Entrar e saír de forma ordenada, sen correr, sen berrar ...Cada alumno/a ocupará o seu sitio no seu grupo de comedor, sen poder cambiar de lugar por propia iniciativa, só tralas indicacións dos colaboradores/as e/ou director.
- Deben ir aprendendo a coller ben os cubertos e a cortar.
- Poden falar na hora da comida, pero non berrar.
- Non se poden levantar (só para servir, de ser o caso, para ir ó baño e/ou para recoller, sempre co permiso da monitora).
- Os nenos/as non poden xogar coa comida, nin tirala ao lixo sen permiso dos colaboradores/as. Non tirarán nada ao chan, o comedor debe manterse limpo.
- As sobras da comida recolleranse no prato, nunca quedarán por riba da mesa.
- Teñen que pedir as cousas “por favor” e sen berrar, levantando a man para que as monitoras os poidan ver.
- Deben estar ben sentados para comer.
- Todos os nenos/as teñen que probar de todos os pratos de comida que haxa ese día no menú. Animarémolos a que cada día vaian probando un pouco máis.

- Rematarán de comer na sala do comedor, nunca nos espazos de tempo de descanso ou lecer.
- Cando vaian ao baño deben de estar o mínimo tempo posible sen entreterse a xogar.
- Ao rematar de comer serán acompañados polas monitoras que lles indicarán os espazos indicados para o descanso e lecer.

## **6.- PERSOAL DO COMEDOR.**

a) O persoal coidador encargado dos alumnos/as con necesidades será o nomeado polo servizo de persoal non docente da Consellería de Educación. O persoal que presta atención ao alumnado de necesidades, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo de comedor realizará as seguintes funcións:

- Cumprirá co labor de coidado e atención educativo do alumnado con necesidades.
- Axudará ao alumnado que polas súas necesidades asociadas a discapacidade, necesiten colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Atenderá ao alumnado nos períodos de antes e despois de comer, atendendo as orientacións do director do centro.
- Informará ao director do centro de calquera incidencia relacionada co desenrolo do servizo de comedor.

b) As coidadoras do comedor serán nomeadas pola empresa adxudicataria do servizo atendendo as rateos establecidas nas normas de comedores escolares publicadas pola Consellería de Educación. Realizarán as seguintes funcións:

- Organización da orde de entradas e saídas do alumnado no comedor.
- Atender e vixiar ao alumnado durante as comidas, formándoos nos hábitos alimentarios e sociais idóneos para unha mellor educación para a saúde e a convivencia.
- Realizar a provisión de mesas e retirada do menaxe.

- Promover a formación personalizada na utilización dos utensilios persoais na mesa.
- Prestar especial atención ao desenvolvemento de habilidades adaptativas de autonomía persoal aos alumnos/as con necesidades educativas especiais (que non precisen coidador/a)
- Servir unha cantidade e variedade adecuadas, e asegurar o seu consumo. En caso de necesidade, axudar aos máis pequenos ao tempo que lles ensinan a partir a carne ou pelar a froita.
- Controlar que os alumnos con alerxias declaradas coman os alimentos alternativos.
- Vixiar e asegurar o uso de normas básicas de convivencia e hixiene e hábitos adecuados: sentarse ben, utilizar adecuadamente os cubertos, comer coa boca pechada, non sacar alimentos fora do prato nin tiralos ao chan, facer uso do pano, conversar en voz baixa...
- Comunicar ás familias as incidencias dos máis pequenos (síntomas de enfermidade, problemas na alimentación ou comportamento).
- Intentar que sexa educativo o ambiente que rodea á comida, organizando a colaboración dos alumnos, na medida das súas posibilidades, nas tarefas de recolleita e limpeza da mesa.
- Realizar prácticas hixiénicas co seu grupo, como lavarse as mans antes de comer e ao volver do servizo.
- Explicar ao alumnado a postura que deben adoptar na mesa, a importancia de comer de todos os alimentos para previr enfermidades. Nesta tarefa contarán coa colaboración do director do centro.
- Os/as coidadores/as tratarán sempre aos alumnos con respecto e educación; evitando dirixirse a eles/as con voces e/ou malas contestacións. Si xurdise algún conflito deberán manexar a situación con firmeza pero con calma, facéndose respectar sen perder o respecto ao neno/a. Se a situación se desborda deberá avisar ao/á director/a ou a persoa delegada do comedor.
- As coidadoras teñen a obrigaón de respectar a intimidade dos menores por iso non poden facer comentarios relativos o seu comportamento,

características persoais, modo de comportarse, aseo, etc.; nin dentro nin fora do comedor.

## **7.- APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS.**

Se as circunstancias así o esixen, adoptaranse as medidas necesarias para favorecer o estrito cumprimento dos dereitos e deberes das alumnas/os beneficiarios do servizo de comedor escolar. A aplicación das medidas que en cada caso conveñan terán un marcado carácter educativo, procurando sempre garantir o respecto a todos os implicados no devandito servizo complementario e a convivencia solidaria entre todos eles.

Cando algún usuario considere que se incumpre algún dos seus dereitos, comunicarllo ao directo/ar do centro, para que se tomen as medidas oportunas respecto diso.

En relación co incumprimento dos deberes antes indicados, serán de aplicación as medidas previstas ao efecto nas Normas de organización e funcionamento do centro para os casos que non estean reflectidos neste regulamento.

FALTAS LEVES	MEDIDAS CORRECTORAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desobedecer as indicacións do persoal de comedor.</li> <li>• Entrar ou saír do comedor correndo.</li> <li>• Tirar comida e bebida ao chan por estar xogando.</li> <li>• Cambiarse de sitio.</li> <li>• Non comer con corrección ou non facer uso axeitado dos utensilios.</li> <li>• Permanecer mal sentados ou abanearse na cadeira.</li> <li>• Berrar, facer ruído.</li> <li>• Levantarse do sitio sen permiso das coidadoras.</li> <li>• Condutas que afecten levemente ao respecto, á integridade ou á saúde dos usuarios/as de comedor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amoestación verbal ao alumno/a. No caso de reiteración comunicación aos pais do seu comportamento.</li> <li>• Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.</li> <li>• Separación temporal do grupo onde está sentado/a.</li> <li>• Perda temporal do dereito a participar nas actividades de lecer. Estas medidas poderán ser impostas polas coidadoras do comedor.</li> </ul>

FALTAS GRAVES	MEDIDAS CORRECTORAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acumulación de tres faltas leves.</li> <li>• Desobedecer gravemente ás coidadoras e o responsable do comedor.</li> <li>• Saír do comedor sen permiso.</li> <li>• Tirar intencionadamente comida e bebida ao chan ou aos compañeiros.</li> <li>• Deteriorar a propósito o material propio do comedor.</li> <li>• Falta de puntualidade continuada na recollida dos alumnos/as do comedor</li> <li>• Calquera conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou a saúde dos usuarios do comedor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amoestación por escrito ao alumno/a. Comunicación dos feitos á familia.</li> <li>• Comer illado dos compañeiros ( nunha mesa só dentro do comedor) por un espazo de tempo de entre unha e catro semanas.</li> <li>• Expulsión do comedor durante tres días</li> <li>• Estas medidas serán impostas polo director do centro</li> </ul>

FALTAS GRAVES	MEDIDAS CORRECTORAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acumulación de tres faltas graves.</li> <li>• Saír do centro sen permiso durante o horario de comedor.</li> <li>• Calquera conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou a saúde dos usuarios do comedor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expulsión temporal do comedor (ata un mes).</li> <li>• Expulsión definitiva do comedor.</li> </ul>

Estas medidas serán impostas polo Consello Escolar do centro.

Ponteareas, a 1 de Outubro de 2022